Galicia Encantada

20 ANIVERSARIO 2005 ✿ 2025

Enciclopedia de Fantasía Popular de Galicia

Augas

CATEGORÍAS RELACIONADAS

As fontes de Celas

Na fonte do Cabo, en Vinseira Pequena, parroquia de Celas de Peiro, concello de Culleredo (A Coruña), di a xente que a auga é boa para curar doenzas dos ollos; por iso aínda hoxe vén xente ás tardiñas buscar desta auga para curacións.

Moi perto da do Cabo, na fonte de Xesto, tamén recollen auga que disque é boa para que beban os enfermos do ril.

No lugar de Peiro, na fonte de Peiro, unha fonte monumental moi antiga, disque se se leva un animal enfermo e se baña na fonte unha noite de lúa chea, mellora.

[Información recompilada pola alumna Rocío Gómez Domínguez do colexio Tarrío, Culleredo (A Coruña) no curso 2000-2001 ao realizar un estudo

das fontes de Culleredo baixo a dirección dos profesores Francisco Arturo Pita Fernández, Esperanza Monasterio Álvarez e Aurelio Solla Monteagudo]

COMENTARIOS ENVIADOS

Boas. Hai un error no artigo. O topónimo correcto é Celas, non Celas de Peiro

Enviado por Vinseira o 15/03/2025 ás 0:01:43